

LETRAS GALEGAS

X
O
S
E
M
A
R
A
L
A

A
T
U
R
U
X
O



en 1922

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ.

2008

*(1915-1985)

Lidia
1º BACH.

Indice

- Xosé M^a Álvarez Blázquez: Cronobiografía
- Relacions do Castelo de Vimianzo con autores literarios galegos
- Entrevista a Concha Blanco
- Visita ao Instituto: Rafael Lema
- Regueifa dunha vida
- A Ruta Rosaliana de 4^o da Eso en decembro de 2007
- Crossing Zone en Vimianzo
- Visita ao Teatro Rosalía de Castro
- Visita á fábrica de sillas de montar
- Visita á fábrica de Coca-Cola
- Viaxe a Lugo
- Correlingua 2008
- Correlingua 2008: 12 de Maio
- Pradolongo
- Concurso 365 palabras

XOSE MARIA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

1915 O día 4 de febreiro nace Xosé María Álvarez Blázquez no número 11 da Rúa Elduayen de Tui (hoxe Paseo da Corredoira). É o terceiro dos seis fillos varóns que tiveron o médico pontevedrés Darío Álvarez Limeses e María Blázquez Ballester, nada en Matanzas (Cuba) e filla de cubana e levantino.

1931-1932 Trasládase a Pontevedra para estudar Maxisterio. Logo de publicar varios poemas en xornais de Pontevedra e Tui edítase *Abril*, o seu primeiro libro de poesía, en castelán. Con Xoán Vidal funda a revista *Cristal*.

1934 Pronuncia en Pontevedra, a instancias de Alexandre Bóveda, o discurso "Berro en lembranza dos herois de Carral". Publícanos as Mocidades Galeguistas, nas que milita.

1935-1936 Comeza a exercer a docencia na Guarda. Ingresna no Partido Galeguista e escribe o libro de relatos *Os ruíns*. Comeza Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, pero a guerra ponlle fin. En Tui, a resistencia republicana remata por sucumbir e o seu pai é un dos seus dirixentes: o doutor Darío Álvarez Limeses é fusilado o 30 de outubro. Xosé María é desterrado a Coreses (Zamora).

1941-1944 De novo en Vigo, Xosé María crea cos seus irmáns unha fábrica de ladrillos en Nigrán que un accidente obrigará a pechar en 1945. Nos anos corenta compaxinará diversos traballos coa literatura, a investigación e a arqueoloxía, chegando a dirixir numerosas escavacións en Vigo.

1945 A súa novela *En el pueblo hay caras nuevas* queda finalista do primeiro Premio Nadal.

1946 Casa con María Luísa Cáccamo Frieben, con quen terá a María Luísa -coñecida como Colorín-, Xosé María, Alfonso, Helena, Celso e Berta.

1948-1950 Abre con Luís Viñas Cortegoso a librería anticuaria Monterrey. Publícase na colección Benito Soto *Poemas de ti e de min*, dúas obras independentes que asinan Xosé María, unha, e o seu irmán Emilio, a outra. É nomeado membro correspondente da Real Academia Galega e Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo.

1950-1959 Funda a Editorial Monterrey, decisiva contribución ao clima de recuperación cultural que se vive en Galicia. Nesta editorial saen publicadas *Roseira do teu mencer*, dedicada a Colorín, *Cancioeiro de Monfero* e *Romance do escritor peleriño*. Tamén escribe a súa mellor obra lírica, *Canle segredo*, pola que recibe o Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires e que non será publicada en Galicia até 1976. Tamén publica tres novelas en castelán e as súas escolmas de poesía galega medieval e dos séculos escuros.

1960 Publica *La ciudad y los días*, enorme corpus histórico sobre a cidade de Vigo.

1964 Ingresa na Real Academia Galega co discurso "Cantares e romances vellos prosificados". Cos seus irmáns funda Edicións Castrelos, cuxa primeira colección é "Cuadernos de Arte Gallego".

1967 Tras vivir arredor dun ano en Oviedo, a familia retorna a Vigo ao coñecer a grave doenza de Colorín. Alí, Xosé María profesionalízase como editor: nacen as coleccións "O Moucho" e "Pombal".

1968-1969 Regresa á docencia na Escola Náutico-Pesqueira de Vigo. Vai a Arxentina, convidado polo Centro Galego de Bos Aires, e a Venezuela, onde visita o seu sobriño Darío e o seu gran amigo Celso Emilio Ferreiro.

1970 Morre Colorín.

1971 Volve publicar prosa en galego: *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*.

1976 É nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo. Publícase *Canle segredo* na colección "Pico Sagro" das Edicións Castrelos.

1977 A súa muller María Luísa contrae unha grave meninxite. Sobrevive, mais queda totalmente xorda.

1979 Morren o seu irmán Darío e Celso Emilio Ferreiro. Xosé María véndelle a Galaxia todos os fondos de Castrelos, en ausencia de alguén a quen confiarlle a editorial.

1981 Noméano xefe do Departamento de Historia do Museo Quiñones de León, máis coñecido por Museo de Castrelos, e recibe o Pedrón de Ouro.

1982 Escribe o poema "Solpor".

1983 Retírase da docencia. Pecha simbolicamente a candidatura do Partido Galeguista ao Concello de Vigo. Unha doenza cardíaca impídelle continuar coa súa actividade incansábel.

1985 Logo de dous anos de enfermidade, Xosé María Álvarez Blázquez morre o 2 de marzo en Vigo.

1987 Publícase a súa *Poesía galega completa*, edición elaborada polo seu fillo Xosé María.

1995 Sae *Sonetos del alba insomne*, tamén a iniciativa de Xosé María Álvarez Cáccamo. O libro fora escrito entre 1955 e 1965.

2007 A Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras 2008.



Fachada actual da casa natal, no Paseo da Corredoira de Tui

Coa súa dona, María Luísa Cáccamo, e a filla Colorín (1950)





En Frómista (Palencia) en 1977

PARA MÁIS INFORMACIÓN, CONSULTA A PÁXINA WEB DO IES TERRA DE SONEIRA ONDE ATOPARÁS UN COMPLETO TRABALLO SOBRE ESTE AUTOR ELABORADO POLOS PROFESORES DO CENTRO.

RELACIONS DO CASTELO DE VIMIANZO CON AUTORES LITERARIOS GALEGOS

Por: Alejandro Trillo Pérez Sergio Sanmartín Martínez

Descrición e características do castelo

Atópase en moi bo estado de conservación. Conserva partes do século XIII, aínda que a maioría pertencen aos séculos XIV e XV

O edificio ten planta poligonal irregular adaptándose ao terreo. Componse de tres torres defensivas rectangulares ao redor dun patio de armas ademais da torre da homenaxe, coas súas ameas.

As ameas en punta de diamante que antes rodeaban a totalidade do castelo só se conservan na Torre da Homenaxe e no paseo dun dos muros. O seu perímetro está rodeado na súa totalidade por un profundo foso. Tamén conserva o camiño de ronda e no portalón de entrada ao patio pódese velo escudo con cabeza de lobo dos Moscoso.

A proximidade da fortaleza á costa permitíalle controlar as rotas comerciais do Mar do Norte, os negocios da sardiña e do sal e os botíns dos barcos que naufragaban nestas costas.



Historia

O castelo non foi sempre como o vemos hoxe en día, senón que sufriu diversas reformas e reconstrucións que cambiaron sucesivamente o seu aspecto.

Os construtores da fortaleza foron, moi probablemente, os Mariño de Lobeira, alá polos séculos XII ou XIII.

Pouco coñecemos tamén sobre a época na que os Mariño foron donos do castelo, e pouco máis sabemos da orixe dos Moscoso, que serán os seguintes propietarios. Grazas a sucesivas compras de terras e a matrimonios de conveniencia que lles permitiron acceder a substanciosas herdanzas, foron medrando pouco a pouco. Deste xeito acabaron detentando o título de Condes de Altamira.

A finais do século XV (1467) a Guerra Irmandiña. O pobo, cansado pola presión económica, os abusos e a violencia exercida polos señores feudais sobre eles, deciden tomar ó asalto as fortalezas. Este acontecemento vai provocar a fuxida de toda a grande nobreza galega cara Castela e a maioría das fortificacións existentes serán destruídas ou quedarán seriamente danadas. O mesmo lle aconteceu ó castelo de Vimianzo, que será tomado ó asalto.

A rebelión non durou moito. Os nobres escapados reorganizáronse en Castela e, coa axuda da aristocracia local, emprenderon a recuperación das súas posesións no ano 1469. Coa caída dos irmandiños será o Arcebispado de Santiago quen se apodere do castelo. Sen embargo, uns anos máis tarde, un dos Moscoso, Lope Sánchez de Moscoso, autoproclamado primeiro Conde de Altamira, recuperará a fortaleza pola forza das armas. O castelo será reconstruído grazas á intervención de mestres canteiros e vascos, e o aspecto resultante non debía ser moi diferente do actual.

A liñaxe de Altamira non só destacou pola súa faceta política. O aspecto cultural foi cultivado pola nobreza ata o punto de que algunhas das obras do III Conde de Altamira están incluídas no Cancioneiro Geral de Hernando del Castillo.

Non podemos esquecer tampouco a obra da poetisa reacentista Isabel de Castro e Andrade, casada co V Conde De Altamira, Rodrigo de Moscoso Osorio. As súas obras en galego son das poucas conservadas desta época. A súa composición máis coñecida foi Arouçana Nación.

A finais do século XV os condes de Altamira abandonarán Galicia como a meirande parte da nobreza galega para residir na Corte e estar máis preto dos reis. A administración das súas posesións quedará en mans de figuras que se denominarán alcaides ou meiriños. Isto mesmo acontecerá en Vimianzo. No castelo residirán sucesivos alcaides e acometeranse diversas reformas que non son doadas de precisar porque falta aínda o pertinente estudio, pero en calquera caso non afectan á estrutura orixinal do edificio.

A última gran reforma foi realizada no século XIX por Evaristo Martelo. Parece ser que nesta época o castelo estaba en bastante mal estado e acometeu unha serie de obras para facelo habitable.



EVARISTO MARTELO

Evaristo Martelo Paumán naceu na Coruña en 1853 no seo dunha familia nobre; de feito ostentou os títulos de marqués de Almeiras e Vizconde de Andeiro. Os seus pais foron Ramón Martelo Núñez de Leis e Dolores Paumán Zuazo de Andrade.

Foi probablemente durante a súa infancia cando Evaristo herdou do seu pai a paixón polas antigas glorias familiares e polo mundo medieval.. Efectivamente, a súa avoa era descendente dos Moscoso, unha das máis importantes familias da Idade Media galega. Ramón Martelo puxo o seu empeño en rescatar a liñaxe que a finais do século XIX estaba en franca decadencia económica. Esta foi unha das razóns que o levou a mercar o castelo de Vimianzo, un dos solares máis emblemáticos da familia.

A infancia de Evaristo transcorreu entre as diferentes propiedades dos pais: A Coruña, a Casa do Arco en Laxe, o pazo dos Andeiro en Rianxo e o castelo de Vimianzo. Pouco máis coñecemos dos seus primeiros anos. Foi coñecido pola súa actividade literaria. A obra que deixou é breve, pero nela aprécianse as influencias estéticas e intelectuais das personalidades da época, especialmente de Pondal, pero tamén de xente como Murguía, Castelao ou Cabanillas. Nos seus escritos queda evidenciado que é un marcado defensor da lingua galega e da unidade histórica e cultural de Galicia.

É destacable tamén o feito de que formara parte con frecuencia das reunións da Cova Céltica na Coruña onde, entre outras cousas, se formulará gran parte do ideario identitario galego. Un elemento deste círculo que influíu moito en xeracións posteriores foi a construción dunha serie de mitos heroicos galegos. Pondal e Murguía atoparon estes mitos principalmente no mundo celta, pero Martelo buscouos na Idade Media.

A súa Obra

A figura de Evaristo Martelo encádrase, xunto con Pondal, Rosalía, Curros Enríquez, Leiras Pulpeiro, Cabanillas, Alfredo Brañas ou Murguía, dentro do Rexurdimento, movemento de recuperación da lingua e da cultura galegas que se desenrola ó longo do século XIX e case as dúas primeiras décadas do XX e que precedeu á aparición das Irmandades da Fala.

Os escritores do Rexurdimento, e por suposto tamén Martelo, concibían a labor literaria como un servizo ó país, como un medio para que Galicia recuperase a dignidade e a identidade perdidas logo do longo período de estancamento para a lingua e a literatura galegas que supuxeron os Séculos Escuros (do s. XV ata ben entrado o XIX). Para lograr isto comezaron a escribir en galego para, deste xeito, demostrar que non era unha lingua minoritaria que só servía como medio de comunicación entre as xentes do medio rural. Polo tanto, quixeron outorgarlle ó noso idioma o carácter de lingua literaria que perdera durante os Séculos Escuros.

Evaristo Martelo tamén aportou o seu gran de area a esa inxente tarefa que supuxo a labor so Rexurdimento. En primeiro lugar participou activamente no faladoiro da Cova Céltica, pertenceu á corrente literaria iniciada por Pondal “Escola Formalista” (Carballo Calero chamouna “Escola Coruñesa”).

Martelo contribuíu cunha importante achega literaria: concretamente escribiu dúas obras de carácter xurídico (El laudemio y Manual de los Consejos de Agricultura, Industria y Comercio); e seis obras de índole literaria (Poesías líricas, Os afillados do demo, Líricas gallegas, El siglo XIX. Cuatro verdades en verso castellano, Landras e bayas e Andeiro). Martelo concibiu a meirande parte da súa obra en galego(aínda que tamén escribiu en castelán), xa que consideraba que a nosa lingua debía volver ser utilizada no ámbito literario.

As obras xurídicas teñen un escaso ou nulo valor literario e están máis vinculadas coa súa carreira profesional como avogado.

A produción literaria de Martelo non se limita só ás seis obras citadas anteriormente, senón que se ten constancia da existencia de poemas illados que non chegaron a editarse e incluso se sabe que don Evaristo tiña en preparación unha segunda parte de Os afillados do demo que pensaba titular As toupas do Pindo.

Por outra banda, tamén colaborou en revistas e periódicos da época, tendo especial relevancia a súa participación como prosista na Revista Gallega de Galo Salinas.

Tanto pola temática como polo estilo podemos considerar a Martelo Paumán como un continuador da estética pondaliana, do que toma os motivos celtistas, sendo o pasado heroico da raza galega un dos temas fundamentais da súa poesía.

Nesta mesma liña encádrase Andeiro, poema patriótico no que Martelo Paumán defende ó seu antecesor o conde de Andeiro (valido da reina Leonor de Portugal, morto polo Mestre de Avis, máis tarde rei de Portugal), a quen considera campión da unión ibérica. En Andeiro Paumán expresa a súa ideoloxía iberista atacando incluso ós heroes nacionais portugueses que fixeron posible a separación definitiva entre o reino portugués e o español.

Outro dos eixes temáticos fundamentais en Martelo é a loubanza da terra galega, que o noso autor amou profundamente. Aquí cabe resaltar aqueles poemas nos que evoca as súas estancias no pazo de Rianxo e no castelo de Vimianzo. Así, en Landras e bayas atopámonos cun poema titulado “As torres de Vimianzo” no que Paumán lembra con morriña aquela bela paisaxe da súa infancia e, ó mesmo tempo, fai unha loubanza da natureza galaica que xa puideron disfrutar os nosos antergos celtas.

Martelo Paumán cultivou tamén a sátira literaria na súa obra Os afillados do demo, publicada no ano 1885 e que logo volvería ve-la luz formando parte de Líricas gallegas (1894) ó lado de A noite de San Silvestre, que fora publicada inicialmente en 1890. Os afillados e A noite de San Silvestre constitúen dúas partes dunha obra cuxa terceira, anunciada como As toupas do Pindo, quedou inédita.

En Os afillados Martelo fai unha dura crítica dos literatos galegos que, segundo el, empregan de maneira incorrecta o galego.

“Falla fai que se atalle ó torto rego

E, farto de calar, vou dar castigo

Co á miña pluma á tanto mal gallego.

[...]

Habiache un bon fato de ignorantes,

Que foran bos para carda-l-o liño”.

Esta obra valeulle moitas antipatías e rancores: Martelo conseguiu deste xeito que a vinganza do silencio caera ó seu redor lanzada por aqueles que se sentiron aludidos naquela notable sátira. E esa vinganza tivo tal proxección que ó cumprirse o centenario do seu nacemento, pasou este envolto no mesmo olvido co que fora recibida antes a súa obra, aínda que esta estivese á altura da de autores hoxe altamente recoñecidos como Pondal ou Cabanillas, que si souberon aprecia-la valía da obra marteliana. Proba disto á que a labor literaria de Martelo se veu recompensada coa distinción que lle concedeu a Real Academia Galega (fundada en 1906) ó nomealo no ano 1918 para ocupa-la cadeira que quedara vacante á morte de Pondal, lendo no seu ingreso un discurso sobre a vida e a obra do poeta bergantiñán.

Posteriormente a súa filla, Dolores Martelo de la Maza, solteira e sen descendencia, cedeu a fortaleza ó Arcebispo de Santiago. Finalmente en 1973 foi comprado pola Deputación da Coruña, que o acondicionou para a súa visita.

Entrevista a Concha Blanco

Realizada por Marta Castro, Paula Garrote e Ximena Romero

-¿Por qué comezou vostede a escribir libros?

-Comecei porque vin a necesidade que os meus alumnos da escola de Dumbría tiñan, entón decidín facer cousiñas nas que eles fosen os propios protagonistas, e así foron saíndo contos pequenos aos que lles fun engadindo actividades de todo tipo, desde comprensión ata matemáticas e plástica.

-¿A que idade comezou a escribir libros?



-Pois tiña vinte e sete anos, vinte e sete ou vinte e oito, si.

-¿Que libro influíu máis en vostede de nova?

-Para abrimme de cara a coñecer a historia real de Galicia e a situación que estaba vivindo, podería asegurar que *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, e *Cousas*, de Castelao, ensináronme por si sos o que era o noso país e a súa situación.

-Non temos noticias de que teña escrito para adultos, se é así, ¿cal é a razón?

-Si, si que teño escrito para adultos. Está *Berta*, que é exclusivamente para adultos cun vocabulario sen ningún tipo de escrúpulos, e logo teño tamén *Sara*, da que penso que é a primeira parte sobre todo é para adultos; *Nano*, que tamén é para adultos, para segundo ciclo de secundaria, e eu iso xa o considero xente adulta.



-Nós só lemos *Sara*, pero outros compañeiros leron *Nano*, o seu último libro. ¿Poderíanos contar en que se inspirou para escribilo?

-Vale. En *Nano* eu quería facer algo para defender certo tipo de revulsivos que temos na nosa sociedade, como son algúns colectivos que non pensan igual que a maioría ou que non se comportan ou que teñen prexuízos.

-¿Hai algunha relación argumental entre *Sara* e *Nano*?

-Argumental non, non teñen nada, estou intentando recordalos e non lles vexo nada no argumento que se pareza... salvo que, si, podemos buscarlles que os dous reivindicán algo. Por exemplo, *Sara* reivindica a emigración, o problema da emigración, que non se emigre máis, e *Nano* que se acepten as diferentes opcións sexuais que pode ter a xente.

-¿Está escribindo algún outro libro?

-Agora mesmo si, un, precisamente rematei un esta semana, esta fin de semana. Aínda non está moi definido, pero probablemente se titule *Encontros ás agachadas*, probablemente. E agora estou facendo uns contos moi curtiños, con rima que pode que se titule *Chorima: Contos con rima*.

-¿Que tal resultou a experiencia de hoxe cos nosos compañeiros?

-¡Ah, moi ben! Eu sempre me encontro a gusto entre rapaces e rapazas, e hoxe moi ben porque eu sei que 2º da ESO non é un curso onde se capte rapidamente a atención, senón que lles custa, é un curso –e perdoádeme vós- dos máis conflictivos que adoita haber na ESO (*risos*) e en ningún momento se deu a imaxe diso, para nada. Non sei.... Pola vosa parte moi ben, eu como vos coñezo e traballo coa vosa idade, iso tamén axuda a que teñamos unha sintonía entre orador, oradora neste caso, eu, e os receptores, que erades vós.

-Pois xa esta.

-¿Nada máis? Pois moitas grazas a vós.



Concha Blanco

VISITA AO INSTITUTO: RAFAEL LEMA

(Por Nuria Lema Gándara)



O día 19 de maio acudiu ao noso instituto o coñecido novelista e poeta Rafael Lema (Ponte do Porto- A Coruña). Ademais de escritor, traballou en diversos medios de prensa e radio. Tamén é presidente do colectivo ecoloxista PX.

Neste terceiro trimestre, os rapaces de 3º da ESO tivemos que ler dúas das súas últimas obras “O Club do Corvo Mariño” e “Mareas Negras”. A súa visita permitiunos coñecer moitas cousas da súa vida laboral e o significado dos seus libros. Comentounos o motivo que o levou a escribir as historias que vivían os protagonistas do Club do Corvo Mariño, que non ían máis alá da realidade, xa que el mesmo vivira a experiencia en primeira persoa.

O que o levou a escribir estes libros foi a súa aventura recollendo as aves feridas durante a marea negra, de aí o título dun dos libros.

Despois de explicarnos todos os detalles do seu labor como ecoloxista tivemos uns minutíños para facerlle preguntas. Rematadas as preguntas, a visita concluíu cun agasallo do colexio para o escritor, que foi entregado polo noso profesor de galego.

Foi un dos libros que lemos os alumnos de terceiro. Conta a historia dun grupo de rapaces da Costa da Morte que viven en 1ª persoa a loita que o pobo galego protagonizou contra a marea negra do Prestige.



Este libro é unha composición realizada para honrar a José González Muíño e en xeral a tódolos regueifeiros. Está financiada polo concello de Cabana e foi publicado con motivo da homenaxe a O Atrevido de Grixoa na IIIª Regueifa de Antroido realizada en febreiro de 2008.

Este libro é como o seu propio nome indica, unha regueifa duna vida. Nel contase, en forma de regueifa, a vida de José González Muíño (O Atrevido de Grixoa).

A súa estrutura componse de:

- **Presentación:** *Realizada por Salvador Fernández Moreda e Xoán M. Sande Muñiz.*
- **Regueifa duna vida:** *inclúe a composición de José González (O Atrevido de Grixoa) e unha pequena biografía.*
- **Entrevista:** *pequena entrevista realizada a José González Muíño pola súa neta, Digna González Castro.*

Na miña opinión é un bonito detalle, en especial para O Atrevido de Grixoa, e para tódolos regueifeiros.

por Sergio Sarmartín



A ruta rosaliana de 4º da Eso en decembro de 2007

A 'Ruta Rosaliana' é unha ruta que percorre o espazo vital e poético da celeberrima escritora Rosalía de Castro. Esta ruta transcorre entre Santiago e Padrón, dúas cidades e ámbitos coas que a autora mantivo estreitos lazos vitais, que tiveron o seu reflexo nas súas creacións literarias, en obras como 'Cantares Gallegos' ou 'En las orillas del Sar'. E motivo polo cal tamén Santiago ten unha rúa co seu nome ou a librería 'Follas Novas', o título dunha das súas obras.

Rosalía de Castro naceu e pasou a súa infancia nunha casa, hoxe desaparecida, preto do que hoxe é Praza de Vigo, na que hai un monumento que o Concello lle dedicou en 1982, no por aquel entón Camiño Novo, hoxe Avenida Rosalía de Castro. Dende aquí collemos a estrada AC-543 de Noia a Bertamiráns, capital do Concello de Ames, a 10 quilómetros. En Bertamiráns collemos á esquerda en dirección a Ortoño. A 2 quilómetros e debidamente sinalizado, onde atopa o domicilio da familia paterna, e sede fundacional do Seminario de Estudos Galegos.

Volvemos á estrada AC-543 de Noia, e a 3 quilómetros de Bertamiráns está a parroquia dos Ánxeles, en Brión, no semáforo da cal hai que coller a estrada ata a Picaraña, en Padrón, con desvío á dereita para San Xulián de Bastavales, a 4 quilómetros.

Na aldea de Soigreja tivo residencia esporádica e en *Cantares Gallegos* dedicalle un poema ás campás da Igrexa de Bastavales, unhas das máis fermosas de toda Galicia, instaladas en 1828, e que podía escoitar dende a casa de Castro de Ortoño.

*Lectura dun poema no adro de
San Xulián de bastavales*



Dende Bastavales, pola Picaraña, ata Padrón. En Padrón hai que coller a estrada AC-550 a Ribeira. A menos dun quilómetro está, Lestrove, en Dodro. En Piñón, na entrada de Lestrove, haberá que deixar o coche, e facer o resto do camiño a piei, ata o Pazo dá Hermida, propiedade de parentes próximos, onde pasou tempadas enteiras e escribiu parte da súa obra.

A 3 quilómetros de Padrón, pola estrada AC-242 ata Pontevea, está a aldea de Arretén, onde se acha o pazo de antepasados maternos de Rosalía. Era coñecido como a Casa Grande, e así aparece nos versos de Rosalía. Delicadamente restaurado, hoxe é propiedade privada e só se pode visitar co permiso dos seus propietarios, e chamando antes ao teléfono 981 811 811.

O momento culminante da Ruta Rosaliana é a visita á Casa Museo, que está na pequena aldea da Matanza, a 1 quilómetro de Padrón e de volta de Arretén.



Imaxes da visita á Casa da Matanza



Dende aquí, por Padrón, a 2 quilómetros por a N-550 ou ben a pé por un camiño, chegamos a Iria Flavia, á súa Colexiata, que segundo a tradición foi a primeira catedral de España, e rodeada por un fermoso adro, o cemiterio de Adina, onde estivo enterrada de 1885 a 1891. A tumba está sinalizada. En fronte á Colexiata atópase Fundación Camilo José Cela, natural de alí tamén.

Lectura dun poema no cemiterio de Iria flavia



De volta en Santiago, podemos facerlle unha ofrenda poética e floral no Panteón de Galego Ilustres, en San Domingos de Bonaval. É necesario avisar da hora de chegada, aínda cando o horario se vaia cumprindo ben.

Final da Ruta en Santiago de Compostela



Crossing Zone en Vimianzo



Que é ou Bookcrossing?

O BookCrossing é a práctica de deixar libros en lugares públicos para que os recollan outros lectores, que despois farán o mesmo. A idea é liberar libros "na xungla" para que sexan atopados por outras persoas, normalmente estraños.

Se alguén decide ceibar un libro vía BookCrossing, terá que rexistralo para conseguir un BCID (BookCrossing IDE number) que será o que identifique ese exemplar concreto na base de datos do sistema. Ese número de rexistro lévao o libro escrito, directamente no interior da cuberta, ou ben nunha etiqueta na que se pide á persoa que o atope que entre na web de BookCrossing e escriba un pequeno apuntamento para notificar o achado, e finalmente que solte de novo o libro unha vez o remate.

O estadounidense Ron Hornbaker concibiu a idea de Bookcrossing en marzo do 2001 inspirado por, Where's George? unha web para seguir o percorrido de billetes. A web de Bookcrossing foi lanzada ao redor dun mes despois, o 17 de abril do 2001. Desenvolveuse como un movemento global, que en 2006 conta con medio millón de

membros en todo o mundo e máis de tres millóns de libros rexistrados na súa base de datos. Dende agosto do 2004, o Concise Oxford Dictionary recolle a palabra "bookcrossing", dando a definición da que nos fixemos eco ao principio.

A persoa que atopa un libro BookCrossing pode notificalo anonimamente e tamén pode, se o desexa, darse de alta na web. Para participar liberando libros é necesario darse de alta (cousa que sempre se fai baixo pseudónimo ou nickname). Unha vez dado de alta, poderá á súa vez rexistrar os libros que desexe na base de datos de Bookcrossing. Cando se rexistra un libro, asígnaselle un número, como se describiu anteriormente. O máis habitual é que o futuro liberalibros pegue unha etiqueta ao libro, na que debe figurar o número de rexistro (BCID) e información sobre BookCrossing. O liberador poderá seguir a viaxe do seu libro "na xungla" e ler as opinións da xente que atopou o libro, sempre que as persoas que o vaian atopando o reporten á web de BookCrossing.



Que é unha Crossing zone?

É unha zona onde podes atopar libros BC, podes liberar os teus etc... (é dicir unha zona de intercambio BookCrossing).

Os BookCrossers que usen a sección "De Caza" da web, irán ás Crossing Zones só para buscar os libros liberados, e así haberá un incremento na afluencia de público. Ao dar de alta unha Crossing Zone esta é engadida na páxina web oficial de BookCrossing.

O día 29 de febreiro de 2008, para conmemorar o Día do Bookcrossing, tivo lugar no Castelo de Vimianzo unha Liberación de Libros organizada polo gabinete de Normalización do Concello de Vimianzo en colaboración co ENDL do IES Terra de Soneira. Na zona de cruzamento que existe desde marzo de 2007 no castelo, ás 12 da mañá, ceibáronse preto de 100 libros cedidos pola Biblioteca Municipal e pola Biblioteca do IES Terra de Soneira. Neste acto realizouse unha lectura poética na que participaron alumnos do CEIP San Vicenzo e do IES Terra de Soneira, así como a concelleira de Cultura Nives Lema.



Alumnos do IES Terra de Soneira recitando poemas.



O Normalizador do Concello, Xosé Blanco, abrindo o acto.



Os participantes no acto facendo unha “foto para a posteridade”

VISITA AO TEATRO ROSALÍA DE CASTRO

Por: Ana García López

O día 8 de xaneiro deste mesmo ano os alumnos e alumnas de 3º da ESO realizamos unha excursión á Coruña co departamento de Lingua Galega, coa finalidade de ir ver unha obra de teatro titulada: ``Noite de Reis ou o que quierades``. Esta obra conta como director ao célebre humorista galego Quico Cadaval, facendo unha adaptación desta baseándose na obra de William Shakespeare que escribira no século XVII.


Partimos do instituto a primeira hora da mañá, xa que esta comezaba cedo. Nada máis chegar entregáronnos as entradas para poder entrar ao teatro ``Rosalía de Castro``, que foi onde se interpretou. Ensináronnos os asentos que nos correspondía ao noso colexio e agardaron a que todos estivesemos calados.

Rematada a espera, o presentador comezounos a falar da obra e máis ou menos en que ía consistir para que a puideramos entender o máximo posible. Rematada a explicación a obra comezou.

Os feitos teñen lugar tras un naufraxio, nunha costa chamada Iliria, onde dous irmáns, Violeta e Sebastián non conseguen saber nada o un do outro tras o suceso. Violeta chega sen case vida a unha praia e pensa que o seu irmán Sebastián morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de Cesario, pasa a servir na corte do duque Orsino, que está namorado de Lady Olivia, que o rexeita continuamente. Orsino utiliza a Cesario como confidente e como mensaxeiro para declararlle o seu amor a Olivia pero Cesario (que é Violeta), comézase a namorar de Orsino mentres que Olivia, pola súa parte, se namora do mensaxeiro, que é Cesario (Violeta). Mentres, Malvolio, que é o servidor de Olivia, namorase da súa ama e, a causa de unha confusión amañada, crerase correspondido, producíndose unha serie de situacións confusas que o levaran a entolecer. Ao mesmo tempo, Antonio, o capitán do barco onde viaxaba Violeta e o seu irmán, consegue rescatar a Sebastián do mar. Ambos desembarcan en Iliria. A presenza de Sebastián fai que comece o fin do enredo xa que os malentendidos e cruzamentos de parellas enmarañados por Festas (bufón de Orsino), resolveranse finalmente.

Tras o remate da obra comezamos a saír do teatro e á saída entregáronnos uns programas sobre a obra, na que nos explicaban cales eran os protagonistas, o seu nome na realidade, quen dirixiu a obra, a que texto pertence a adaptación, un pequeno resumo desta e as principais colaboracións.

Para rematar, collemos o autobús para volver de volta a Vimianzo ,onde comentamos a obra e onde nos mandaron realizar un traballo sobre a obra vista que finalmente ensinamos na nosa aula.



Cartel da obra de teatro *Noite de Reis, ou o que queirades*

Quico Cadaval na presentación da montaxe



Visita á fábrica de sillas de montar Don Rodrigo Por Soraya Martínez Gándara

Saímos ás 10:50 do instituto e chegamos ás 11:09 á fábrica Don Rodrigo, onde elaboran todo o relacionado co cabalo.

Fixenos de guía o xefe, chamado Don Antonio.

Empezou ensinándonos unha sala onde estaba o resultado de que facían, é dicir sillas e complementos para cabalos, así como tamén tiña uns peinos e bebidas para o animal. Tamén dixo que o prezo dunha silla ía desde os 500€ ata os 4000€ e engadiu que non solo lle compraban as sillas para cabalos, se non que tiña clientes que lles compraban para os seus burros e mesmo que un lle pagara 2000€ por unha silla para a súa burro.

Despois ensinounos o edificio onde fan os complementos para o cabalo, onde se traballaban mulleres, un par de homes. Nel córtase o coiro en tiras, lénase e pónse en punta (se fai falla), dáselle color ós cantos cortados, almacéñanse as zonas máis delicadas e cócese a máquina o que se pode e o resto cócese a man na casa. Tamén nos explicou a diferenza entre pel e coiro nun dos dous almacéns que ten ese edificio.

A continuación pasounos a ensinar o edificio onde se fan as sillas, no cal hai tanto homes como mulleres e outros dous almacéns: nun están os patróns das sillas de cabalo e uns poucos materiais; outro hai moldes para as sillas tanto se son de montar, de salto... unha máquina para cortar o coiro coa forma dos moldes e o resto dos materiais.

Por último fomos a un xardín que teñen ao lado da oficina. Ensinounos unha tartaruga que hai alí, a orientadora fíxolle coxeas e crínouse. Ana, a profesora de tecnoloxía, fixenos unha foto delado do busto do fundador e volvemos o instituto.



ALGÚNS ALUMNOS DE 2º DA ESO ATENDENDO ÁS EXPLICACIÓNS DO RESPONSABLE DA FÁBRICA



VISITA Á FÁBRICA DE COCA-COLA

(por Ana García López)

O pasado día 26 de febreiro os alumnos de 3º ESO, visitamos o lugar onde se fabrica a maioría da bebida preferida pola xente de tódalas idades: a Coca-Cola.

Partimos de Vimianzo ás 10:30 da mañá do instituto, cargados de provisións no autobús no que o traxecto durou unha hora. Trala curta viaxe chegamos a Begano (que así se chamaba a fábrica) e nos levaron ata unha pequena sala de conferencias de cor vermella, como é a cor de Coca-Cola, onde nos sentamos e o guía comezou a falar.

Primeiro este cuestionounos se sabiamos de onde proviña o nome da dita fábrica, polo que coa axuda del e a nosa imaxinación conseguimos sacar o significado: é o acrónimo de Bebida Gasosa do Noroeste.

A continuación comezounos a falar sobre o funcionamento da fábrica, que foi inaugurada en 1961, e que en total había oito fábricas de Coca-Cola distribuídas por toda a Península Ibérica, na que a fábrica BEGANO era concretamente a distribuidora de produtos *Coca-Cola Company* en toda Galicia.

Tratados estes temas o guía comezounos a explicar o proceso da fabricación da Coca-Cola, no que nos contou que alí mesturaban o composto (que son as substancias principais coas que se crea a devandita bebida, que lles chegaba de Irlanda, xa que a fórmula do composto é segreda e moi poucas persoas a coñecen no mundo) e que cando este chega o que realizan é o proceso de mestura do composto con auga e azucre e despois introducían o gas mediante máquinas.

Tras explicar a elaboración comezáronnos a contar, mediante diapositivas, os diferentes tipos de embotellado que se foron creando e desenrolando, por diversas causas, ao longo do século pasado. Ensináronnos tamén como era a fábrica na súa inauguración e como foi medrando ao longo da súa existencia, e por último, amosáronnos como era o proceso de embotellamento e a función das diferentes máquinas que interviñan, que a continuación iriamos ver en persoa pola fábrica. Tras toda esta explicación, repartíronnos a cada persoa unha gorra laranxa, que máis tarde nos regalarían, xa que era obrigatorio levala ao longo do percorrido pola fábrica e as diversas salas. Cando comezamos a travesía puidemos observar cos nosos ollos todo o proceso da fabricación da Coca-Cola e as diversas máquinas que había, sabendo a súa función grazas á explicación do guía.

Ao rematar o percorrido volvemos á sala de conferencias onde nos volvemos a sentar e onde nos puxeron os anuncios da televisión de Coca-Cola máis destacables dende a aparición destes en España, na década dos sesenta ata a actualidade, onde lembramos moitos deles. Mentres ,bebiamos unha Coca-Cola que nos fora repartindo o guía a cada un dos presentes. Sen dúbida, un momento agradable.



Proceso de embotellamento



Viaxe a Lugo

(Juan José García Blanco e Lorena Alejandro Soneira)

Cando íamos para Lugo no autobús foi cando mellor o pasamos. Moncho íanos contando cousas sobre os hórreos pero nós non lle faciamos moito caso, estabamos á nosa bóla. Algúns íamos cos móbiles, outros falando e rindo. Cando chegamos baixamos do autobús e fomos ao museo.



Cando acabamos de comer fomos ao autobús para ir o castro de Viladonga volvemos a subir e fomos para a casa.



Algún xa estaba cansado e outros non. Ao virmos de camiño para a casa Moncho ía cun cabazo pequeniño (unha figuriña) porque estivo toda a viaxe dicindo que mirásemos para os lados para constatar as diferenzas entre os nosos cabazos e os que había alí. O caso é que o pasamos xenial e algunhas persoas aprendemos moito. ¡E pasámolo xenial! Cando chegamos ó instituto xa os nosos país esperaban por nós e cada un foi para a súa casa.



CORRELINGUA 2008

(M^a José Pereira Bello, 4 ESO B)

Este ano tocounos aos alumnos de 4ºESO. A e 4º ESO.B acudir ao Correlingua 2008, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 12 de maio.

A carreira partiu da Praza do Obradoiro, na cal tamén se concentraron outros colexios e institutos. Ademais había varios medios de comunicación co fin de entrevistarnos.



Aquí vemos como unhas reporteiras de “Localia” gravan e entrevistan a un compañeiro.

Durante o percorrido polas rúas , nós, acompañados de pandeiretas, fomos cantando cancións tradicionais causando a impresión de todos os viandantes.



Por detrás de nós pódese ver a pancarta do grupo A, aínda que non na súa totalidade.

A nós pódese nos ver suxeitando as pandeiretas, coas que logo, animamos o percorrido.

Seguidas por nós ían as pancartas: a que vemos na fotografía anterior e máis a do grupo B:



Aquí vemos a nosa pancarta suxeitada por min e pola miña compañeira. O contido da pancarta era: “Os de Vimianzo tocamos co soco n’asera”; os nomes dos integrantes do grupo; un debuxo de X. M. Álvarez Blazquez e o curso e grupo (4º ESO:B).


Despois de realizar todo o circuíto programado, voltamos á Praza do Obradoiro. Alí vimos o espectáculo programado (unha especie de loita entre dous puntos de vista do galego). E para rematar unha entrega de premios.

Despois de todo isto distribuímonos por grupos para ir comer e visitar a zona vella.

Ás 15:30 voltamos á Praza do Obradoiro (a diante da catedral) para ir a unha visita guiada por unha exposición sobre a historia do cómic galego.

Alí pudimos ver a evolución do cómic: desde os seus inicios ata a actualidade.





A HISTORIETA GALEGA presenta un percorrido historici-
cista polo cómic galego desde os anos 70 até a
actualidade.

O punto de partida é a primeira mostra que sobre
historieta se fixo en Galiza. Era o ano 1973 e, des-
pois dos primeiros intentos de Reimundo Patiño
por utilizar a linguaxe das viñetas nas súas obras,
o Grupo do Castro co apoio da Asociación Cultural
O Galo, presentan no Círculo Mercantil de Santiago
a «Exposición do Cómic Galego» con obras de Pati-
ño, de Xaquín Marín, de Pepe Barro, de Xosé Díaz e
de Chichi Campos. Aí comeza a historia de 35 anos
nos que os debuxantes galegos triunfan dentro e
fóra das nosas fronteiras.

Nos anos oitenta, na época underground, multi-
tude de fanzines nacen en todas as cidades. Estu-
dantes inqueados, con ansia de cambiar o pasado,
rebélanse a través das súas historietas contra un
réxime xa desaparecido e buscan a rebelión en cada
páxina. O especial da revista universitaria *Coorde-
nadas*, o fanzine *Valiundiez* ou o *Frente Comixario*,
serán os tres exemplos máis claros do que pasa
nesta década.

Nos noventa e 2000, será o momento en que a
industria editorial lle preste algo de atención á his-
torieta, e comece a considerala como algo serio.
A aventura máis importante da historia destes trinta
e cinco anos chegará da man da revista *Golfinho*,
sen dúbida, o maior logro da industria galega. Polas
páxinas desta publicación pasarán os nosos mellores
debuxantes, algúns dos que agora mesmo están tra-
ballando para o mercado nacional e internacional.
Porque os galegos, dende hai décadas, cruzaron as
fronteiras e chegaron a poñer as súas historietas
noutros idiomas, é o caso de Suso Peña, Ramón Mar-
cos, Víctor Aparicio Miguelanxo Prado, Das Pastoras,
do guionista Carlos Portela, e das novas promesas
Tirso Cons e Alex Cal. GENOVA, SESAM E PALESTRA SOBRIANA [COMISSARIOS]

PRODUCE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

CONCELLO DE
SANTIAGO
Concelaría de Cultura

ORGANIZA

AUDITORIO DE GALICIA
Baixo o mecenado de
Finsa | Televisión | Rúafer

PATROCINA

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BIENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidaridade

FEIMA
FUNDACIÓN DE
AFIÑAMENTO SOCIAL

A FUNDACIÓN FEIMA PATROCINA AS CLASES MAXISTRALS

AS ILUSTRACIÓNS DE ESTE FOLLETO SON OBRA DE XAQUÍN MARÍN

Correlingua 2008: 12 de maio
(Natalia Lema Vázquez, 4º ESO B)

O día 12 de maio, o departamento de galego organizounos unha gran excursión ós alumnos de 4º E.S.O a Santiago de Compostela.

A nosa primeira parada foi a de buses precisamente, desde onde nos diriximos cara á Praza do Obradoiro. Alí, encontrámonos con numerosos alumnos doutros institutos e colexios de primaria, e cun palco no que se sucederon diversas actuacións, algunhas máis "musicais" ca outras; para entreter ós rapaces intentaron emular unha pelexa do coñecido Raw de Pressyng Cats, pero como temática tiña o uso da lingua galega. Porén, baixo o meu punto de vista non moi acertado.


Logo, fixemos un percorrido saíndo dende a praza ata voltar de novo a ela, durante o cal estivemos cantando canción populares sen parar, acompañados por pandeiretas ó berro de: "Vimianzo, Vimianzo...!"

Ó mediodía, tivemos dúas horas para comer e pasear pola "zona vella" da capital galega. Pola tarde, dirixímonos ó Auditorio de Galicia, onde presenciamos a exposición: *A historieta galega* e, ao mesmo tempo, unha rapaza nova foi comentándonola e achegándonos máis datos. O programa desta exposición é unha breve explicación están recollidos no boletín que nos entregaron nada máis chegar.

Ademais, todos tivemos para nós algún que outro recordo desta excursión xenial: uns pins e unha camiseta co noso propio lema do Correlingua:

*Se cadra ti dás o paso
Coa primeira palabra, ou non,
Pero chegará un día no que esa palabra
Deixará de ser o final
Para converterse no principio...*

Galego-experiencia en 365 días



Os actores Rubén Riós e Armando Porto, a actriz Tamara Canosa e o director Ignacio Vilar estiveron no noso instituto o día 14 de maio para presentarnos unha nova película galega: “Pradolongo”, que se ía estrear nos cines Xunqueira de Cee o venres 16.

Estes comentáronnos que case o 100% do equipo técnico e do reparto de actores son galegos. Isto puidemos confirmalo cando nos levaron a ver a película o mércores 21 pola tarde, xa que nos remitía a un ambiente totalmente rural típico da maioría das nosas zonas.

A película da que estamos a falar -Pradolongo- relátanos a historia de tres estudantes novos, dous rapaces (Martíño e Armando) e unha rapaza (Raquel), os que son protagonistas dun trío amoroso. Os dous rapaces estaban namorados de Raquel, aínda que ela semellaba non darse conta. Armando e Martíño tiveron algunhas discusións polo amor da rapaza ata que decidiron facer un pacto no que ningún deles podería estar con Raquel. Armando traizoou a Martíño e liouse coa rapaza; ata ían facer unha viaxe a Italia. Foi no momento de partir cando Raquel se deu conta de que a quen quería de

verdade era a Martiño e deixou plantado a Armando para saír en busca do seu namorado.

Por outro lado, mentres ocorrían tódalas aventuras amorosas, Martiño mantiñase bastante afastado dos seus amigos, xa que estaba a facer unha gandeiría ecolóxica co seu pai e coa axuda dos veciños. Isto facíao, por un lado, porque o que lle gustaba era o campo e quería seguir co oficio familiar, e por outra banda, para impedir que a empresa do pai de Armando se apoderara de Pradolongo xa que se fixeran probas para atopar lousa.

Pero foi imposible impedir a venda das terras de Pradolongo, xa que Martiño pediulle ó seu amigo Armando que lle dera o resultado das probas que se realizaron alí, pero el en lugar de dicirllo foille co conto a seu pai dos plans de Martiño e dos seus veciños. Foi entón cando a empresa apurou os trámites para convencer os veciños de que lle venderan as terras ofertando unha cantidade desorbitada de cartos por elas. Así os plans da gandeiría ecolóxica viñéronse abaixo e Pradolongo foi vendido.

PRADOLONGO
un filme de Ignacio Vilar



UNHA HISTORIA DE AMOR EN VALDEORRAS

Raquel, Martiño e Armando son tres amigos que acaban de cumprir a súa maioría de idade. O verán preséntase como todos os demais, con festas, tardes no río..., pero esta vez nada vai ser igual. O amor que os dous rapaces comezan a sentir por Raquel e a posible venda, á louseira do pai de Armando, de Pradolongo, un prado de alta montaña pertencente á familia de Martiño, obrigaraos a reconsiderar os seus soños e os vínculos que os mantiveron unidos desde a infancia.

Interpretada por: Rubén Riós, Tamara Canosa, Roberto Porto, Mela Casal, Gozalo Rei Chao, Carlos Sante, Antonio Mourelos, Belén Constenla, Cristina Rodríguez, Laura Álvarez...

www.pradolongo.net - www.meupradolongo.com

ESTREA 16 de MAIO
CINES XUNQUEIRA - Cee

 **TURGALICIA**
Dirección Xeral de Turismo

 **XUNTA DE GALICIA**
PRESIDENCIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

En canto á miña opinión, estamos ante unha película bastante boa que, ademais nos integra á xente nova no mundo que os actores nos intentan describir. Ós galegos tamén nos gusta moito ver como as nosas paisaxes e a nosa lingua saen representadas.

Houbo unha cousa na que case tódolos alumnos que estivemos naquela sesión de cine coincidimos, e foi que o final da película non era o esperado.

Aínda así e con este pequeno inconveniente poderíamos concluír que a película tivo, en xeral, unha gran acollida.

Laura Rodríguez Gómez, 1º Bach B

CONCURSO 365 PALABRAS

REUNIDO O XURADO O 19 DE MAIO DE 2008, ACORDA OUTORGAR OS PREMIOS E ACCÉSITS QUE SE SINALAN:

1º Ciclo da ESO

Modalidade POESÍA

Gañador: “Bicos coma balas”, César Pazos (1º ESO A)

*Bicos como balas ;
balas de cartón ;
balas como bicos ;
bicos de algodón .
Son balas de bicos .
Son bicos de cor .
Son bicos de balas .
Balas de candor .*

*Bicos nos beizos
Bicos na voz .
Bicos no medo .
Bicos na cor .*

*Bicos de día .
Bicos de sol .
Bicos de bágoas .
Bicos de olor .
Bicos na noite
e no solpor .
Bicos no rostro
e na calor .*

*Son moitos bicos ;
bicos de amor .
Eu gardo un bico
no corazón .*

*Teño tres bicos
nunha guitarra
que cando chora
o vento cala .*

*Teño dous bicos
nunha guitarra
que cando bica
as rosas falan .*

*Só teño un bico
nunha guitarra :
é para ti ,
moza galana .*

*E na rúa ,
un bico de lúa .
E nochan ,
dous bicos de pan .
E no río ,
tres bicos de frío .
E no lume ,
seis bicos de fume .
E no ceo ,
dez bicos de xeo .
E na cor ,
cen bicos de amor .*

*Se me dás un bico ,
eu pódoche dar
amenceres claros
e areas de sal .*

*Se me dás un bico ,
eu pódoche dar
gargalladas brancas
e rimas do val .*

*Perdín un bico na sombra .
Non sei se ata ti chegou .
Os meus brizos están tristes .
A ver alguén o atopou .*

*Xa falei coa roseira
e díxome que non o viu ;
tamén falei coas pombas
e nin viron para min .*

*E falei coas camelias
que vivían en abril ;
miraron cara a outro lado
contando desculpas mil .*

*Perdín un bico na sombra .
E xa estou desesperado .
Era un bico silandeiro .
Era un bico namorado*

Chove

*nos bicos .
Chove
nas flores .
Chuvia
de risas .
Chuvia
de cores .
Chove
nos bicos .
Chove
nas flores .
Chuvia
de verbas .
Chuvia
de amores .*

*Dálle un bico
ó teu meniño ,
mariñeiro ,
unha xoia e un tesouro
feiticeiro ,
que non dorme
ata que chegues ,
mariñeiro ,
os teus bicos
son para o neno
o primeiro.
Sei que traes
a mar detrás
oh mariñeiro
Durmindo nun bico
o neno estaba ;
os beizos da nai
non o deixaban .
O rostro do neno
non se enrugaba ;
os ollos da nai
alí pousaban .
Un bico de sol
¡ como o quentaba !
a nai parecía
engaiolada .
Durmindo nun bico
o neno estaba ;
un bico de amor*

*Na fiestra , a lúa ;
na lúa , un bico .*

Finalista: “A nosa Galiza”, Jose Antonio Maceiras(1º ESO B)

A nosa Galiza verde,
o noso pobo galego,
o noso idioma falado
non podemos deixar isto parado.

Este idioma con moito amor
así non perde a súa cor,
porque el é un gañador
nunca fagamos que sexa un perdedor.

Polo camiño vin un pastor moi falador
e díxome no oído que o noso galego
da vida e calor
e sen el habería moita dor.

As nosas praias galegas
a nosa xente por elas,
os nosos ríos e mares
con moitos peixes de cores.

Os nosos mariscos con centolas
percebes e cegalas,
son comidas moi boas
que hai que comelas todas.

Pero non esquezamos
o noso cocido galego
con touciño, faceira e chourizo
sen esquecer o repolo.

Aínda que non haxa millo nin trigo
nin tampouco centeo,
debemos traballar as nosas terras
para que así non nos marchen con elas.

Nos nosos montes galegos
temos moitos piñeiros,
e tamén moitos toxeiros
que che dan grandes picadas.

Os seus invernos moi duros
e os veráns tamén moi frescos,
cas súas festas dos pobos
feiticeiras e con regueifas
que todos imos a elas.

O noso pobo galego
cos seus antas e batáns,
os seus muíños dos antepasados
non podemos deixalos parados.

Os nosos montes tan verdes,
que co lume queren ardelos
non entendo esta maldade
pois é a nosa Galiza verde.

O labrador moi cansado
cando o sol se poñía,
pois traballaba todo o día
para poder manter a familia.

Cada pobo co seu patrón
cada mariñeiro co seu barco,
que cando hai temporal
non queda mariñeiro nin barco.

Tamén hai moitas feiras
nas que a xente vai mercar a elas,
onde contan contos galegos
e se divirten entre eles.

Os rapaces van a escola,
e falan tamén o castelán
pero sen esquecer
a orixe da fala galega.

Tamén os libros e autores
con moitas cousas para ler,
porque os nosos nenos e nenas
teñen moito que aprender.

Os carros tirados polas vacas
quedaron substituídos,
polas nosas maquinaria
agora temos moita modernidade.

Os nosos devanceiros
cos ditos e refráns,
con sabedoría
pero non a recoñecían.

Pero sempre recordaremos
a nosa Galiza húmida,
os nosos regatos e ríos
os nosos campos e prados,
tamén toxos e montes

dunha Galiza verde.

Modalidade de NARRATIVA

Gañador: “A árbore”, Carmen Arjomil (1º ESO C)

O sentir a calor por riba de min, estireime e saín fóra da terra. Entón vin o campo verde, Salpicado de floriñas de cores. De súpeto escureceu e botouse a chover. Tiña frío, pois eu so era un cadelinho e dúas follas, pero xa non podía volver atrás.

Ó día seguinte saíronme outras dúas, e sentinme algo máis forte. Cando puíden asomarme por riba da herba, que tamén medraba rápido, vin un rapaz que se achegaba. Quedoume mirando, e eu asusteime, pero non me fixo dano. Volveu con outros nenos; traían paos e un arame, que cravaron ó meu redor. Isto molestábame algo, pero aínda así seguín medrando e botando novas follas.

Cada vez viña máis xente a verme, ata que puíden entender a súa linguaxe. Admirábanme porque as miñas follas eran douradas. Por iso me respectaban, e moi poucos se atrevían a tocarme.

Un día, entre as miñas polas dous paxaros fixeron un niño. Sentinme feliz pois facíanme compañía e alegrábanme cos seus trinos. No verán nacéronnos paxariños, que eran feos e sempre tiñan fame. Cando chegou o outono marcharon, e eu sentinme soa. As árbores do meu redor gardaban silencio, as súas follas desprendíanse e o vento levábaas lonxe. Pronto quedaron espidas coma esqueletos.

Os días eran cada vez máis curtos e as noites máis longas. Facía frío, chovía e o vento arrincoume algunhas follas. O solo inundouse e case afogo. Unha mañá amencín cuberto dunha capa branca, fría e pesada. Era neve, que me rompeu algunhas pólas.

Pasaron os meses, e o tempo foi mellorando. Ás árbores veciñas brotáronlle follas, e os paxaros aniñaron outra vez nas miñas ramas. Entón pasoume unha cousa nova: entre as follas saíronme flores violetas e alaranxadas, que ceibaban un pole amarelo e revendían moi ben. Ó meu redor zumbaban as abellas na procura de néctar para o mel.

No verán caeron os pétalos, e no seu lugar apareceron uns froitos dourados. Eu comprendín que dentro estaban as sementes, coma as que me protexeran a min antes de xerminar.

No outono caéronme os froitos, e pasei un inverno triste. Pero coa primavera naceron ó meu redor moitas plantiñas douradas. ¡xa nunca volvín estar soa!

Finalista: “A música do demo”, Xoán Antelo Castro (2º ESO A)

Era unha noite, moi fría e escura... unha noite de Samaín...

-¡Xenxo, non saias da casa pola noite que vai moito frío!

-Vale mamá, pero apura que chegamos tarde.

Hoxe non quería chegar tarde. Tiña que chegar á festa que fixera o meu amigo Chiño.

Fomos buscar a miña avoa para levala a nosa casa.

-¡Que ben que veñas connosco!- dixo miña nai.

-Moitas grazas por traerme, pois igual viña a santa compañía a miña casa.

-¿Que é a santa compañía?- preguntei.

-Son unhas ánimas que viaxan pola noite polos camiños e atraen aos camiñantes para levalos.

-¡Bah, contos de vellas!- pensei para min.

No intre que chegamos, despedinme de miña nai e de miña avoa e entrei na casa de Chiño. De alí a un cachiño saímos e fixemos dous grupos para xogar á procura do tesouro cunha radio como premio.

De seguido saímos na súa procura.

Chegamos a un camiño estreito e fondo. Ao final do camiño oíanse unhas voces:

“Ma xiga, miraco nuna, parico ni maare...”

-¡Chiño! ¿Oíches iso?- Berrei eu

-Non... ¿O que?

-¡Eses meigallos!

-¿Ti flipas ou que? ¡Non se oe nada!

Os sons pararon.

Seguimos andando e eu empecei a ver unhas luces de cores brillantes.

-¡Ahhhhh! ¡A santa compañía!

Botei a correr escopeteado e non parei ata que cheguei ao prado de miña avoa.

Senteime alí e acendín un pau cun chisqueiro (¡houbo sorte de que me esquecera de quitalo da carteira o día despois do concerto de Lamatumbá).

Estiven alí sentado un bo anaco, cando volví a oír aquela arrepiante música do demo e a ver esas luces.

Botei de novo a correr e entrei nun cemiterio vello. Era o sitio perfecto para agocharse deles.

Encontráronme.

Collín tantos croios como me cabían na man e empecei a guindárllelos.

-¡Tomade! ¡Mortos ou non os croios doen!

A música oíase con máis nitidez:

“Eu sigo, mirando as nubes, pra ver se abre o día...”

Un momento, eso era Lamatumbá. ¡Non era a santa compañía, eran os colegas!

Crash! Rompeu a radio.

Agora cando saio de noite sempre levo unha morea de croios nos petos e unha lanterna (por se non é a santa compañía).

2º Ciclo da ESO

Modalidade POESÍA

Gañador: “E soñei que non estaba só”, Marcos Rodríguez (4º ESO B)

Péchase a porta coa forza do vento
que entra pola fiestra
e bate contra as túas fazulas,
contra as miñas
golpeándoas, feríndoas, rozándoas
[aloumiñándoas

Infernal silencio,
interrumpido polo ruído
das correntes airosas
que, coma en inverno
causan o ruído.
E ficamos sós,
ti e mais eu
sobre o leito.
E achégaste,
coma unha marea vermella,
que me golpea,
que me fire,
que me roza,
que me aloumiña...
as costelas.
E ficamos sós,
e os teus cabelos
nas puntas brancos,
no coiro negros
incrústanseme nos beizos,
carnosos; graxentos.
E ficamos sós,
e o líquido que percorre o meu corpo,
procedente dos poros
molla a túa nova camisa
de veludo negro.
E ficamos sós,
e, tremelicando, achegámonos
até que as nosas almas se fundan
nun regato de paixón
que nos conduza
ao sétimo ceo.
E ficamos sós,
e acaríciame...
A caricia, elevada e elegante,
escorre polo lombo lenemente,
creando espirais de pracer,
nutrindo o fogo da paixón...
e apalpa as nádegas altas.

E ficamos sós,
e polo teu amor
sángranme os pulsos,
ábreseme o corazón
e até me doen os ollos.
Só polo teu amor!
E ficamos sós,
e as miñas gadoupas de madeira

[puída

buscan braga,
quizais tanga,
baixo esa saia curtiña.

E ficamos sós,
e a tensión aumenta,
e xemes
e berras
e ouveas
de gusto e de pracer...

E ficamos sós
e os nosos beizos carnosos

[fusionanse

cal, dun libro pechado,
dúas follas contiguas.
As tintas bucais,
fan unha mestura homoxénea
doce e amarga
branca e negra...

Indescribible.

E ficamos sós,
e tras doces e fortes bicos
a paixón xa queima...

Quen fose caníbal, que aquí mesmo te

[comería!

E ficamos sós,
ollándonos,
susurrando,
e no silencio sepulcral
o contraste creado
polos golpes da cabeceira
contra o tabique de madeira
é monumental.

E ficamos sós!

Ti e mais eu!

Un dentro do outro!

Nadie nos mira!

...

Volvo a ver eses cabelos
nas puntas brancos,
no coiro negros
e un pouco graxentos...

E esa saia,
curta
vaqueira,
sobre esas túas pernas...
E recordo os teus xemidos,
os berros emitidos
que embarullaban un ambiente
sobrequente.
E choro pensando
en todo o disfrutado,
pois soñar é inútil...
E só foi un soño!

Modalidade NARRATIVA
DESERTO

BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS

Modalidade POESÍA

Gañadora: “Tristes días chuviosos que anegan os lugares”, M^a Carmen Mouzo (2º BACH B)

Tristes días chuviosos que anegan os lugares.
Raios ferintes que rachan no ceo.
Espidos carballos nos outonos silandeiros.
Saraiba que rompe nas vellas tellas.
Cumes montañosos azucrados de neve.
Escuro luar nos días glaciais.
Namoradas pradeiras cubertas de flores.
Tempos eternos de verdes ledicias.
Ocaso de lume que tingue o ceo.
Soles que alumean nas brañas costeiras.
Searas relucentes e douradas nas inesgotables tardes.
Enmarcada paisaxe azul de brancas mulleres camiñando na auga...
Se o imperdurable fose mortal,
Empregaríamos outros novos conceptos de vida e tempo.
Na verde, verdeá, verdecente terra,
Todos pedimos a verba eterna e mortal
Aparecida nas entrañas dos fillos de Danna e Lugh.
En cada folla dun carballo late e late,
Compasada polos ventos unha palabra esquecida,
Imparable naqueles corazóns sedentos,
Na escuridade do seu soño alentador.
Cando tempo pasa amodiño,
Óense os remorsos das árbores
Demostrando unha vella lingua,
Inquebrantable nos sus corazóns de madeira e resina.
Antes de comezar a falar, calemos:
Silenciosas serán as palabras,
Esquecidos os xuramentos,
Nunha terra negra de recordos.
Galicia, Gallaecia ou Kallaiokoi.
Antes e agora.
Levaranos a pensar: ¿Cal é a nosa identidade?
Escondida pasou moito tempo, agochada nos amedoñados corazóns.
Galegos, galaicos ou Keltói.
Oprimidos pero valentes corazóns que se levantaron.
Consumidos e covardes son os novos folgos.
Aparecidos os novos camiños, os novos raposos.
Berrades máis que falades.
Empezaremos un silencio atronador nas nosas gorxas.
Todo cabe, cabe todo.
Ocultémonos dos nosos erros e vivamos sen medo a ser.
Demostremos ao mundo o noso mundo con vaidade:
Orgullo de falar unha lingua de heroes... e deuses.
: ...

Sentimentos que nos acompañan na agonía.
Esquecementos para esquecer as dores.
Non escribimos para chorar, senón para olvidar.
Teimamos nas doces palabras da lingua,
Impregnadas dunha doce caricia.
Mentres este bálsamo dure,
Estaremos na luz da escuridade,
Na paz do desconsolo, na beira da infinitude...
Tenaces que atraparán no aire a voz da beleza,
Orixes que tinguen o noso máis belo recordo.
Salientemos o que fai que sexamos incomparables,
Desiguais e tamén paradóxicos.
O que fai de nós, nos mesmos.
Digamos día a día, sen medo ao tempo.
Invadamos as mentes.
Atallemos no deserto...
Algúns non crerán.
Despois...
Iremos loitando
Alén da verba nai.

Modalidade NARRATIVA
DESERTO

O XURADO (Ramón Gándara (Dep. de Lingua Galega), Verónica Herrera (Dep. de Lingua Castelá), Carlos Lens (Dep. de Francés), Rosa Muíños (Dep. de Inglés), M^a Jesús Méndez (Dep. de Latín) e Teresa Araújo (Dep. de Normalización Lingüística).